

# U... ju ju...

(Poema futurista)

Terra

Duas áas diagonaladas d'azur baten no mar

Sobor do Atlántico a diástole imensa da raza

Vapor en todol-os motores do mundo

Añudadol-os nosos nervos á todol-os fíos eléctricos

Terra

A Cruña fita as brétemas d'Irlanda

Vigo os raña-ceos de Nova York

GALICIA FOR EVER

CRUÑA

Puntos de tensión máxima da vida

VIGO

Terra.

Nudo de todol-los fíos

enfiando total-as vilas do mundo

Total-as sirenas a un tempo a sonar

Trés pintados de sol furando a terra

no cabo de todol-os paralelos

Terra

As flechas das arelas solagadas da Atlántida

Nas nosas espadañas

onde repican ó bautizo dos séculos novos

Anteñas para radiografial-os nosos himnos ás estrelas

Terra

Folgos de millós de peitos

Mañán

Brinco de total-as vontades

Estralar de todol-os miolos

Terra

N. S. E. W.

Terra

Chuvia d'estrelas

Alborada

Lóstrego

Rayos X

Profecía

Terra

O ceo rachou d'arriba abaixo

Terra

HIP HIP HIP

HURRA

U... ju ju... O título é o berro de ledicia dunha composición popular  
coñecida como alborada  
(Poema futurista)

Terra Palabra clave, repetida ritmicamente.

Duas áas diagonaladas d'azur baten no mar Imaxe a través da cal as áas diagonalizadas recollen o movemento  
dunha hélice= fe no progreso.

Sobor do Atlántico a diástole imensa da raza

Vapor en todol-os motores do mundo Léxico futurista, técnico e maquinista (antipoético).

Añudadol-os nosos nervos á todol-os fíos eléctricos

Terra

A Cruña fita as brétemas d'Irlanda

Vigo os raña-ceos de Nova York

GALICIA FOR EVER

Palabras en linguas estranxeiras (inglés). Uso arbitrario das  
maiúsculas.

CRUÑA

Puntos de tensión máxima da vida

VIGO

Terra.

Nudo de todol-os fíos

enfiando total-as vilas do mundo Supresión da puntuación ortográfica.

Total-as sirenas a un tempo a sonar

Trés pintados de sol furando a terra

no cabo de todol-os paralelos Léxico futurista, técnico e maquinista (antipoético).

Terra

As flechas das arelas solagadas da Atlántida

Nas nosas espadañas

onde repican ó bautizo dos séculos novos

Anteñas para radiografial-os nosos himnos ás estrelas

Terra

Folgos de millós de peitos

Mañán Uso dos espazos en branco,  
supresión da disposición lineal  
do discurso.

Brinco de total-as vontades

Estralar de todol-os miolos

Terra

N. S. E. W. Siglas dos puntos cardinais (en inglés).

Terra

Chuvia d'estrelas. Procedemento caligramático en escaleira, moi do gusto da vangarda

Alborada

Lóstrego

Rayos X

Profecía

Terra

O ceo rachou d'arriba abaixo

Terra

HIP HIP HIP

HURRA